

160

Pontella, *Santirso de Vilanova, Malpica*. Xaneiro 1983.

♩ = 76

1) 'N Ar-de-lei-ro y-nha fon-te en Fol-ghei-ro y-nha cal-za-da
 en Pa-sa-con-dí-a un rí-o en Pon-te-la non hai
 na-da

2) que te-mos un na pa-rro-quia que com-prí-a sú-a-í-de-a

As outras estrofas están no comenzo conformes á estrofa 2.

Ponteceso VII,2,150. Carme 62.

L: 25a, 45, 75.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.

45

'N Ardeleiro unha fonte
 en Folgheiro unha calzada
 en Pasacondía un río
 en Pontella non hai nada.

Que temos un na parroquia
 que compría súa idea
 que o podemos nembrar
 conde da Costa da Area.

Que conforme estaba costa
 ben se podía pasar
 millor sería unha fonte
 ou un río pra lävar-e.

Pro corría mái-la fonte
 eran as cousas primeiras



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades



pra lle dar envirtimientto
òn fato de rexubeiras.

Porqu'alí xuntans'o luns
solteiras e mais casadas
non fan máis que rexubar
por cuenta däs fuliadas.

Da lingua desas mulleres
hai que apartarse un pouco
cortanll'un trax'a calquera
e colocanllo ó lombo.

25a

Tamén foron de Pontella
un día con bois e carros
non sobrou no presupuesto
pra pagharll'o seu traballo.

Cando marcharon prá casa
alghún de Beo falaba
velái van os de Pontella
cä pedra toda botada.

Modesto cuchos pequenos
Varela cos que levaba
Inacio levab'os seus
que na casa n'os deixaba.

Iban decindo qu'a Costa
er'onha cousa prá vida
se ll'apartan os sidoiros
a mái-los carros de riba.

75

Eu a mái-lo meu marido
d'algo temos que vevir
ghobernand'a nosa vida
sin dar moito que decir.

Aquí temos a Carrillo
presentouse voluntario
non vos extrañedes del
qu'este é o de diario.

Traemos a Villamil
por que se presta moi ben
pr'aghuantar do 'scaparate
que boa conta lle tén.